

➤ Regulación do ciclo da auga e prevención da erosión

Un solo cuberto por vexetación, como os pastizais nos que se desenvolva unha gandeiría extensiva actúan como amortiguador da auga de chuvia previndo a erosión do terreo. Á súa vez os solos con alto contido en materia orgánica e cunha densidade importante de raíces facilitan a penetración e retención da auga no solo evitando escorrentías.

➤ Fixación de carbono no solo

O solo actúa como un sumideiro de carbono procedente da descomposición da vexetación e outras fontes de materia orgánica.

➤ Mantemento da estrutura e fertilidade do solo

A gandeiría mellora a estrutura e a fertilidade dos solos polo efecto do esterco que actúa como un aporte de materia orgánica, ademais de servir como fertilizante aportando nitróxeno, fósforo e potasio.

➤ Prevención de incendios forestais

A presenza de gando no monte fai que se reduza a carga de combustible nos ecosistemas forestais. O gando aliméntase de múltiples especies herbáceas e de matogueira á vez que pisotea o terreo impedindo que determinadas especies se desenvolvan.

Aprendo na casa...

Clasifica os seguintes servizos dos ecosistemas nas seguintes categorías

- Rutas culturais

Producción gandeira

Producción de algodón

Refuxio para a fauna
- Producción eléctrica

Polinización

Deporte na natureza

Control da erosión

Servizos de abastecemento	Serv. de regulación	Serv. de apoio	Serv. culturais

Serv. Abastecemento
producción gandeira
producción de algodón
producción eléctrica
polinización
control da erosión
Serv. Apoio
refuxio para a fauna
Serv. culturais
rutas culturais
deporte na natureza

Aula temática Pinzás

U4

Os servizos ecosistémicos. Servizos ambientais do gando no monte





Os servizos ecosistémicos


Os servizos ecosistémicos son os beneficios que aportan os ecosistemas ao benestar humano.

Podemos clasificalos en:




Servizos de abastecemento

Os ecosistemas contribúen ao abastecemento de alimentos proporcionando o soporte básico para os cultivos e a recolección de alimento, proporcionan unha gran cantidade de materias primas, suministran e almacenan auga doce e proporcionan recursos medicinais.



Servizos de regulación

Os ecosistemas inflúen no clima local e na calidade do aire, serven como fonte de almacenamento e secuestro de carbono, funcionan como amortiguadores de fenómenos extremos como inundacións ou tormentas protexendo o solo da erosión e conservando a súa fertilidade e proporcionan servizos de control biolóxico das pragas.




Servizos de apoio

Os ecosistemas constitúen o hábitat de plantas e animais.

Servizos culturais

Os ecosistemas proporcionan beneficios non materiais á sociedade como actividades de recreo e saúde mental e física, turismo e inspiración para a cultura, a arte e o deseño.



Os servizos ambientais do gando no monte

A gandeiría proporciona servizos tanto de abastecemento, sendo fonte de alimentos, como servizos de regulación, ao estar integrada nun ecosistema forestal complementa os servizos que prestan os bosques, entre estes servizos están:

Diversidade vexetal

O pastoreo produce cambios na diversidade de especies vexetais presentes no ecosistema, favorecendo a presenza dunhas especies fronte a outras e actuando como axente de distribución de sementes.